



BANDO INFORMATIVO

APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DAS AXUDAS ECONÓMICAS E INDEMNIZACIÓNS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso

INFORMA: Da apertura do prazo de solicitude das axudas económicas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero.

FINALIDADE: proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero, e facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.

TIPOS DE AXUDAS:

1. Axudas dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero que residan na Comunidade Autónoma de Galicia e acrediten insuficiencia de recursos e especiais dificultades para obter un emprego.
2. Axudas de indemnización dirixidas a mulleres que sofren violencia de xénero e/ou ás e aos menores ou persoas dependentes delas polos danos e perxuizos ocasionados como consecuencia da situación de violencia, fixadas mediante sentenza xudicial, en caso de incumprimento por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

LUGAR DE INFORMACIÓN: Departamento de Servizos Sociais do Concello, Rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950.
(Diario Oficial de Galicia nº 3 do 7 de xaneiro de 2021).

PRAZO DE PRESENTACIÓN: ata o 30 de novembro de 2021.

Oroso, 12 de xaneiro de 2021.

O Alcalde, Manuel Mirás Franqueira.